



## Foco en Moldavia (II) O camiÃ±o cara a UE: retos e riscos

### Description

Se as expansiÃ³ns anteriores, como a de EspaÃ±a e Portugal nos anos 80 ou as ampliaciÃ³ns dos 2000, tiÃ±an como obxectivo promover a democracia e o desenvolvemento econÃ³mico tras procesos de transiciÃ³n, os novos procesos, como o de Moldavia, reflicten un **exercicio de poder xeopolÃtico mÃjis marcado**. Xa non se trata tanto de promover valores democrÃticos ou impulsar o crecemento econÃ³mico â?? que tamÃ©n -, senÃ³n de apoiar paÃses que buscan escapar da Ãrbita rusa tras a agresÃ³n de Moscova.

A recente reforma constitucional para recoÃ±ecer a adhesiÃ³n Ã UE como obxectivo estratÃxico, empuxa o paÃs a avanzar en medidas concretas para consolidar o seu lugar na UniÃ³n. Con todo, existen retos significativos, incluÃndo a forte presenza de grupos pro-rusos, en particular en Transnistria, un territorio separatista que actÃ³a como punto de apoio para a influencia de Moscova. Esta rexistÃ³n, con tropas rusas aÃnda estacionadas, Ã© un factor de inestabilidade que a UE deberÃ consideras atentamente ao avanzar na integraciÃ³n moldava. **A sÃ³a influencia presiona o goberno moldavo e complica a unidade polÃtica interna, xa de por si frÃxil.**

O apoio europeo Ãs reformas moldavas, principalmente no Ãmbito da xustiza, enerxÃa e seguridade, Ã© fundamental para alinear o paÃs cos estÃndares comunitarios. A nivel xudicial, as reformas impulsadas polo goberno de Sandu estÃn orientadas a eliminar a corrupciÃ³n e mellorar a transparencia, unha condiciÃ³n esencial para calquera paÃs que aspire Ã adhesiÃ³n. A independencia enerxÃtica Ã© outro aspecto crucial, e os proxectos con RomanÃa exemplifican un esforzo por reducir a dependencia de recursos de Rusia e establecer conexiÃ³ns sÃ³lidas coa infraestrutura europea.

### Unha expansiÃ³n con riscos para a propia UE

Este movemento marca un punto de inflexiÃ³n nas motivaciÃ³ns clÃsicas da expansiÃ³n europea e trae consigo riscos importantes para sÃ. A UniÃ³n, mÃjis alÃ das sÃas medidas de cooperaciÃ³n econÃ³mica, asume agora un papel mÃjis agresivo. Esta postura tamÃ©n a expÃ³n a ser percibida como un actor inxerente en sociedades que estÃn profundamente divididas entre as simpatÃas pro-europeas e pro-rusas.

En Moldavia, por exemplo, os grupos pro-rusos non sÃ mantiveron influencia, senÃ³n que empregaron tÃcticas de desinformaciÃ³n para xerar escepticismo en torno Ã UE, alimentando a idea de que a adhesiÃ³n europea poderÃ traer consigo conflitos rexionais ou afectar a sÃa soberanÃa. Esta realidade coloca Ã UE nunha posiciÃ³n complexa, onde o compromiso coa expansiÃ³n leva consigo a necesidade de reforzar a seguridade e estabilidade nas rexistÃns fronteirizas, incluÃndo unha cooperaciÃ³n mÃjis estreita con aliados como a OTAN.

## Os vínculos con Rumanía, o seguinte probable candidato a entrar na eurozona en pleno ciclo electoral disruptivo.

Os lazos entre Moldavia e Rumanía teñen un fondo histórico e cultural que transcende fronteiras políticas. Ambos países comparten lingua e unha parte da poboación moldava considera a Rumanía unha nación irmá (unionismo). Hoxe, máis dun millón de moldavos teñen pasaporte romanesco, o que lles facilita traballar e estudar na UE. Ademais, Rumanía é un apoio clave en sectores como a enerxía e a infraestrutura, e é vez que Moldavia busca integrarse na UE, Rumanía avanza cara á adopción do Euro, fortalecendo así o vínculo económico e financeiro entre ambos países e ofrecendo a Moldavia un sólido apoio rexional no seu camiño cara a Europa.

Porén, mentres Moldavia loita por consolidar o seu camiño cara á Unión Europea, Rumanía, o seu principal aliado cultural e histórico na rexión, enfrenta un cambio potencialmente disruptivo. Clujin Georgescu, un candidato de extrema dereita e crítico con Occidente, sorprendeu ao liderar a primeira volta das eleccións presidenciais romanesas. A súa campaña, baseada en populismo, retórica anti-UE e un enfoque favorable a Rusia, reflicte unha crecente insatisfacción coas elites tradicionais no país.

A súa traxectoria rompe moldes: Georgescu non pertence a ningún partido político, rexeita os dogmas de campaña convencionais e gañou un gran seguimento en redes sociais, especialmente en TikTok, onde apela a un electorado mozo e desilusionado. Coñecido polos seus posicionamentos euroescépticos e as súas críticas a Zelensky e á estratexia da OTAN en Ucraína, a súa posibilidade de chegar á presidencia xerou preocupacións tanto en Bruxelas como en Washington.

O ascenso de Georgescu reflicte as tendencias globais de descontento coas institucións tradicionais e o atractivo das narrativas populistas e conspirativas. A súa visión, que inclúe a retirada do apoio a Ucraína, podería supor un cambio radical na política exterior romanesa, afectando o equilibrio estratéxico da rexión.

Se Georgescu gaña a segunda volta o 8 de decembro, as implicacións para a rexión son profundas. Rumanía, ata agora un dos membros máis fiables da OTAN e a UE na fronte leste, podería adoptar unha posición máis ambigua, complicando os esforzos por fortalecer a defensa e a estabilidade fronte á agresión rusa. Este cambio impactaría directamente sobre Moldavia, que depende de Rumanía como un dos seus principais apoios para avanzar cara á integración europea.

### APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

Europa

### ETIQUETAS

UE Moldavia

### INVESTIGACION

Relacións Internacionais Unión Europea

### Date Created

Novembro 28, 2024

### Meta Fields

Autoria : 108221